

Moral de señores:

- Características xerais: moral aristocrática, moral dos cabaleiros, moral dos guerreiros, dos nobres, dos homes de acción.
- Afirmación da vida, da acción, moral espontánea, creación de valores, dicir si, afirmar.
- Valores dos señores: o bo: o elevado, superior, o señorial, aristocrático, o excelente, o nobre, paixóns, forza, astucia, exceso, exuberancia, beleza. O malo (schlecht): o inferior, o vulgar, o vulgo, o débil...

Moral de escravos:

- Características xerais: moral vencedora, cristianismo, xudaísmo, moral da plebe, do rabaño, vulgar, da chusma, dos miserables, dicir non, reacción, negación.
- Valores dos escravos: o malvado (böse): o elevado, o superior, o nobre, o aristocrático, “insaciabes”, “lascivos”, “malditos”, “condenados”, “malos”, “ateos”, “desventurados”, instintos, a forza, o exceso, a exuberancia.
- O bo: os débiles, impotentes, os pobres, cansados, enfermos “amados de deus”, “bos”, “benaventurados”, abnegación, abxección, humillación, sufrimento, resignación, paciencia, humildade, obediencia, sumisión.

Orixe, xénese, procedencia (xenealoxía) dos valores morais en Occidente: REBELIÓN DOS ESCRAVOS CONTRA OS SEÑORES.

Odio ao superior e elevado, ao nobre. Impotencia: dos débiles que non son capaces de elevarse ate a altura dos señores. A moral occidental é froito da rebelión dos escravos en contra dos señores. A moral occidental ten a súa orixe no odio e o resentimento dos homes vulgares fronte aos espíritos elevados.

Culpa e victimismo: Victimismo dos escravos que culpan aos señores das súas desgrazas. *Vós, os señores, sodes os malvados. Nós, os escravos, somos os bos.* Interiorización da culpabilidade por parte dos señores.